



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A RESERVA DE BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO” E O CONCELLO DE SADA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL “EDUCANDO NA BIOSFERA. CURSO 2018/2019”.

Sada, 16 de Outubro de 2018.

COMPARECEN:

- Dunha parte, D. Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde- Presidente do Concello de Sada, con enderezo en Avenida da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) e CIF P1507600C, no exercicio das facultades conferidas e recollidas na Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e publicada no DOG núm. 149 do 5 de agosto de 1997 e BOE núm. 237 de 3 de outubro de 1997 (Teléfono: 981 62 00 75, correo electrónico: alcaldia@sada.gal).
- Doutra parte, D. José Antonio Santiso Miramontes, en calidade de Presidente do Consello de Dirección da Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*” (en adiante R.B. MCeTM), como Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas- Betanzos, entidade xestora da RB MCeTM, con CIF G-70.180.807, e sede na antiga Cámara Agraria, San Marcos, s/n 1ª Planta, 15318 Abegondo (A Coruña); (Teléfono: 981 669 541; correo electrónico: info@marinasbetanzos.gal). No seu nome e representación, en virtude do previsto nos seus estatutos e de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e polo Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.



Todas as partes teñen capacidade legal para obrigarse e polo tanto, para o outorgamento do presente convenio de colaboración para a REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO MARCO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL “*EDUCANDO NA BIOSFERA. CURSO 2018/2019*” E EXPOÑEN:

- Ambas entidades manifestan un interese común en:
 1. Educar para adquirir competencias aplicables nun modelo sostible de desenvolvemento social, apoiándose na ética ambiental e valores morais, para a promoción da protección do medio ambiente inspirado no Programa MaB da UNESCO, na Reserva de Biosfera MCEM.
 2. Fomentar na xuventude hábitos de respecto e sensibilización que conviden a unha harmoniosa relación entre a cidadanía e os compromisos ambientais que se presentan no territorio.
 3. Fomentar a implicación de toda a comunidade educativa do Concello de Sada, de forma que haxa un compromiso real na mellora e conservación do medio ambiente a través da participación cidadá e o fomento do voluntariado.
 4. Establecer unha canle que permita e facilite o acceso da poboación á información en materia ambiental, mediante a creación da figura dos “Informadores xuvenís da Biosfera” nos centros educativos.
 5. Tomar conciencia da necesidade de aforro e uso sostible dos recursos (auga, enerxía, minorización dos residuos, etc).
 6. Coñecer a influencia e os impactos ós que se ve sometido o medio ante determinadas actividades antrópicas e as consecuencias dos hábitos desapropiados.



7. Coñecer os efectos do cambio climático, así como dar as pautas necesarias para aplicar medidas na nosa vida cotiá que axuden a combater o quecemento global.
8. Identificar as especies invasoras máis comúns no noso territorio, problemática e a súa repercusión nos ámbitos ambientais e sociais, así como coñecer os métodos de control.
9. Promover o trato respectuoso cara os animais domésticos facendo fincapé nas súas necesidades e características que os diferencian da fauna e do mundo silvestre.
10. Coñecer mellor a área das Brañas de Sada, a súa singularidade como humidal urbano e a biodiversidade que interactúa neste espazo.

▪ Que a **A.D.R. MARIÑAS-BETANZOS**:

- É unha entidade sen ánimo de lucro, que se constitúe en xullo do ano 2008 coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, o cal abarca os concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Curtis, Coirós, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.
- Está constituída por entidades de carácter público, polos concellos do seu ámbito de actuación, así como por entidades de carácter privado como asociacións agrarias e cooperativas, de propietarios e empresas forestais, de mozos/as, mulleres, asociacións culturais, deportivas, recreativas, empresariais, ambientalistas, etc, agrupando ao tecido asociativo interesado en promover o desenvolvemento socioeconómico sostible do seu territorio.
- A súa estratexia de desenvolvemento ten como obxectivo final o de “asegurar un modelo de desenvolvemento sostible no territorio de Mariñas – Betanzos”.



A tal efecto, cómpre destacar o nomeamento do territorio por parte da UNESCO como Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*”, correspondendo como entidade xestora da Reserva, a responsabilidade do seu Plan de Acción á A.D.R. Mariñas-Betanzos. Este feito ven a reforzar as liñas de traballo postas en marcha co obxectivo de conxugar o desenvolvemento socioeconómico sostible, a conservación dos recursos naturais e da diversidade biolóxica, así como a investigación e divulgación dos valores ambientais máis sobresaíntes do territorio.

- Que promove a **R.B. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**:
 - Traballar por un modelo territorial sostible, que contemple un desenvolvemento humano respectuoso co Medio Ambiente.
 - Propón un modelo de desenvolvemento económico e social, baseado na economía verde e na mellora do sector agroforestal e do mar, así como favorecer a comercialización dos produtos e servizos turísticos.
 - A R.B. traballa cos concellos e outras entidades na mellora da calidade de vida das persoas que residen e traballan no territorio.
 - A R.B. cree que a gobernanza é unha das claves do éxito do proxecto, e trata de implicar á sociedade nas decisións de futuro e na súa posta en marcha, traballando especificamente a Educación Ambiental nos centros educativos.
 - O coñecemento é un pilar básico deste modelo, o cal xerará novas oportunidades de emprego entre a cidadanía do territorio, sendo para elo clave traballar coas universidades e centros de investigación, entre outros.



- Que, **EN CONSECUENCIA**, as partes consideran necesaria a formalización dun Convenio de colaboración que sexa capaz de desenvolver de común acordo as actuacións dirixidas á sensibilización medioambiental da comunidade educativa do Concello de Sada no marco do Programa de Educación Ambiental titulado “Educando na Biosfera” , desenvolvendo unha serie de actividades, as cales se definirán no Anexo I do presente convenio.

Por todo o anterior, as partes conveñen o seguinte convenio coas seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten como obxecto establecer as directrices para desenvolver UNHA SERIE DE ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PROGRAMA EDUCATIVO “EDUCANDO NA BIOSFERA para o curso escolar 2018/2019”, dende a sinatura do presente convenio, estando detalladas o conxunto das mesmas no Anexo I que se xunta.

Trátase dunha iniciativa de aprendizaxe non formal en distintos campos, moi conectados cos obxectivos da Reserva de Biosfera, co fin de estimular a creatividade e o potencial xuvenil nos procesos de análise e aplicación práctica dos coñecementos adquiridos, para implicarse dentro dun espazo sustentable en materia de innovación e benestar social.

SEGUNDA.- RESULTADO AGARDADO DO PROGRAMA

As actitudes que se perseguen por parte do alumnado serán as seguintes:

- √ Adquisición de hábitos e condutas comprometidas co aforro enerxético e da auga, así como na redución de residuos.



- √ Fomentar o interese da comunidade educativa por difundir a información ambiental, mellorando as habilidades de comunicación, o respecto cara á contorna e cara ao medio ambiente en xeral.
- √ Favorecer unha actitude crítica e reflexiva sobre os modos e formas de interactuar do ser humano coa natureza.
- √ Responsabilizar ao alumnado na execución de accións comprometidas coa preservación da contorna inmediata.
- √ Tomar conciencia da necesidade de colaborar no mantemento e internalización de hábitos de cooperación e colaboración comunitaria.
- √ Concienciar e potenciar a figura da Reserva da Biosfera como espazo orientado ó desenvolvemento de actividades sostibles e respectuosas co patrimonio natural e cultural, integrándose nun proxecto colectivo de futuro.

TERCEIRA.- DESTINATARIOS

A comunidade educativa local do Concello de Sada está composta polos seguintes centros educativos: CEIP Pedro Barrié de la Maza, CEIP Plurilingüe O Mosteirón, CEIP Sada y Contornos, IES O Mosteirón e IES Isaac Díaz Pardo.

O Concello de Sada especificará as temáticas a desenvolver no marco deste convenio, o número de horas e grupos, así como os centros educativos que participarán en cada unha das actividades. O conxunto e desglose dos mesmos incorporárase no Anexo I.

CUARTA.- IMPACTO PREVISTO

O conxunto das actividades, enmarcadas no Programa de Educación Ambiental “Educando na Biosfera” , pretende facer partícipe á comunidade escolar no coidado,



respecto e posta en valor do patrimonio natural e cultural a través das diversas representacións que ofrecen, tales como recursos e paisaxe. Isto permitirá unha maior implicación da xuventude en proxectos que incidan no desenvolvemento sostible na área do concello de Sada e no territorio da Reserva de Biosfera, que permitan a conciliación do desenvolvemento humano coa natureza.

A continuación, descríbense actividades complementarias ofertadas nos centros educativos do Concello de Sada dende este proxecto:

- Establecer pautas orientativas para fomentar o aforro da auga entre o alumnado e persoas traballadores dos centros.
- Calcular a pegada ecolóxica do centro (da súa clase nun curso, e posibles accións para compensar ese CO₂...).
- Comprometer a participación do alumnado para facilitar a toma de decisións correctas na adquisición e trato cos animais domésticos e salvaxes.
- Fomentar o uso do transporte compartido e de boas prácticas en termos de mobilidade e outras actividades que teñan repercusión na contaminación atmosférica e cambio climático.
- Recopilación das mellores propostas e iniciativas xuvenís, as cales serán obxecto de estudo pola Reserva de Biosfera para tratar de levalas á práctica a través de diferentes actuacións e proxectos.

Unha vez finalizadas as actuacións, realizarase unha Gala Final no lugar que se indique desde o Concello de Sada, na cal o propio alumnado e profesorado dos centros participantes, presentarán unha serie de traballos que recopilen as temáticas tratadas durante todo o Programa Educativo.



QUINTA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

En virtude do presente Convenio, as partes asinantes asumen o compromiso e a obriga de realizar as actividades descritas e asignadas, de conformidade co especificado neste clausurado e no Anexo I:

1.- ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS, ENTIDADE XESTORA DA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

É unha entidade que traballa sobre un territorio declarado Reserva de Biosfera pola UNESCO no ano 2013 (“Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, na provincia da Coruña), e conta cun Plan de Xestión no cal se indica a importancia da sensibilización medioambiental a nivel local, implicando directamente nas actuacións á mocidade e á comunidade escolar do territorio.

En concreto, exercerá de interlocutora entre os diferentes membros da comunidade escolar na execución do mesmo, así como desenvolverá todos os aspectos técnicos e loxísticos para desenvolver dito proxecto, cumprindo así os obxectivos desta campaña de sensibilización.

A Reserva e Biosfera M Ce TM difundirá a nivel estatal e internacional os resultados deste Convenio, remarcando o compromiso ambiental do Concello.

2.- CONCELLO DE SADA.

En relación ó conxunto das actividades incluídas neste convenio, todas e cada unha das actuacións previstas no curso académico deberán ter o visto bo do CONCELLO DE SADA, o cal poderá solicitar cantas reunións, informes e modificacións considere pertinentes para facer un correcto seguimento do proxecto.

O Concello de Sada abonará o custo das actividades acordadas para o curso escolar, segundo se recolle no ANEXO I.



SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio: A Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*” e o Concello de Sada, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores as referidas partes.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE DOS MEMBROS

No caso de que algunha das partes non cumpra coas obrigas asumidas para o desenvolvemento do proxecto, será responsable fronte á outra dos danos e prexuízos que ocasione.

En consecuencia, esta parte poderá esixir, ou ben o cumprimento dos compromisos asumidos, ou ben solicitar unha indemnización polos danos ou perdas causados.

OITAVA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Concello de Sada, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.



NOVENA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para o eventual seguimento da execución do proxecto a desenvolver, créase unha Comisión Mixta da que formará parte un representante de cada unha das partes asinantes deste convenio.

A comisión de seguimento, asume o compromiso de supervisión e o control do deseño do Convenio no tempo, co fin de garantir a consecución dos obxectivos previstos. Para iso, realizará as labores de supervisión e control da boa marcha e a xestión do proxecto durante a súa vixencia. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A Comisión Mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DÉCIMA.- DURACIÓN, VIXENCIA, MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

O presente convenio terá unha duración que comezará a contar dende o momento da súa sinatura polas partes e terá como data de finalización o 30 de xuño de 2019.

As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente convenio comunicándoo por escrito á outra parte, cun mínimo dun [1] mes de antelación á data en que vaia a dalo por rematado.

O Convenio renovarase anualmente, caso de non denunciarse antes do mes de setembro de cada ano, e modificando o Anexo I antes do inicio das actividades.



Sen prexuízo do anterior, o incumprimento por algunha das partes de calquera das obrigas contraídas no presente convenio, facultará á outra para esixir o cumprimento ou a resolución do convenio, co resarcimento de danos e perdas.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

UNDÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade coa normativa de protección de datos de carácter persoal, que prevé que o tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa.

Cada unha das partes comprométese a non difundir, sen autorización das demais partes asinantes do convenio, a información obtida da comunidade educativa ou creada durante o desenvolvemento das actividades do proxecto, que fose pertencente á outra parte á que puidese ter acceso no desenvolvemento deste convenio.



DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no Capítulo I da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de actuación; non obstante, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por duplicado, no lugar e data que figura no encabezamento.

D. José Antonio Santiso Miramontes

Presidente do Consello de Dirección

Reserva de Biosfera

Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

D. Óscar Benito Portela Fernández

Alcalde- Presidente

Concello de Sada